

Miliario de Vilariño das Poldras

05002601

Datos de Localización

Miliario

Inmoble:	Inmoble indeterminado
Localización:	Xardín do Pazo de Penedo
Coord. UTM	X: 60144958 Y: 466061163
Concello:	Sandiás
Parroquia:	COUSO DE LIMIA
Lugar:	Vilariño das Poldras
Tipoloxía:	Epigraffa
Tipo:	Miliarios
Subtipo:	Miliario
Denominación:	Miliario de Vilariño das Poldras

Características

Etaapa Histórica Época Romana

Estilo:

Descrición:

Este miliario atópase na actualidade no núcleo de Vilariño das Poldras no xardín do Pazo de O Penedo que é propiedade da familia Marquina. Foi descuberto polo autores da publicación *La Vía Nova en a Limia*, que lle dan as seguintes coordenadas: 42° 05' 22'' e 4° 05' 13''. (UTM 29T-PG015606). A súa ubicación coincide case exactamente á altura da milla 67, polo que os autores presumen que debeu ocupar ese lugar.

Aínda que contaba cunha maior altura, hoxe mide aproximadamente 1.55 m., xa que a peza foi repicada para cumprir a función que desempeña: pedestal dunha estatua.

No ano 1992 os descubridores da peza afirmaban que tiña polo menos oito liñas de letras, pero apenas percibían unha dúcia delas. Cinco anos máis tarde Rodríguez Colmenero reconstruíu o texto do seguinte xeito atribuíndollo a Magnencio:

[Imp(eratori) caes(ari)
M]a[no]
[Ma]g[nentio invi]
cto pont(ifici).
max(imo). trib(unicia) pot(estate)
p(atri) p(atriciae). co(n)
s(uli) pr(oconsuli)

Ao César imperador Magno Magnencio invicto, pontífice máximo, coa potestade tribunicia, pai da patria, cónsul e procónsul.

Na interpretación máis recente levada a cabo por Rodríguez Colmenero, Ferrer Sierra e Álvarez Asorey, relacionan o miliario co emperador Xuliano o Apóstata. A interpretación que fan é a seguinte:

[Imp(eratori) caes(ari) Fl(avio)]
Claud[io]
Iul[ia]no
invic]to
[a]ug(usto) pont(ifici)
max (imo) trib(unicia)
pot(estate) p(atri) p(atriciae) c(onsuli)
proc(onsuli)

Adicado ó emperador César Augusto Flavio Claudio Xuliano, invicto, pontífice máximo, investido co poder tribunicio, pai da patria, cónsul, procónsul.

Datación:**Autoría:**

Materiais: Granito

Carac. Técnicas:

Alto: 150 cm.

Ancho: 0 cm.

Profundo: 0 cm.

Diámetro: 55 cm.

Perímetro: 0 cm.

Peso: 0 Kg.

Capacidade: 0

Xilófagos: ☐

Perda Policromía ☐

Perda Material: ☐

Observacións: Delimítase con protección integral o propio elemento.

Bibliografía:

-ALVARADO BLANCO, S., RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., VEGA PATO, T.: "La Vía Nova en a Limia", *Boletín Auriense*, Anexo 16, Ourense, 1992, p. 88-91.
-RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Aquae Flaviae I, Fontes Epigráficas da Gallaecia Meridional Interior*, Santiago de Compostela, 1997 (2ª ed.), pp. 376.
-RODRÍGUEZ COLMENERO, A., FERRER SIERRA, S., ÁLVAREZ ASOREY, R. D.: *Miliarios e outras inscricións viarias romanas do noroeste hispánico*, Consello da Cultura Galega, Lugo, 2004, pp. 545-546.

Documentación:

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077REF-8/26.
-Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077REF-8.